

**ATENTO TELESERVICIOS ESPAÑA S.A.**  
**CENTRO DE A CORUÑA C/JUAN FLÓREZ 80-82**



## **ACADADO O ACORDO SOBRE HORARIOS EN ATENTO A CORUÑA**

O pasado 30 de Xullo, e por iniciativa da maioría do Comité de Empresa de Atento Teleservicios, mantívose unha xuntanza coa Responsable de Relacións Laborais, Encarnación Mora coa mediación do xefe da Inspección de Traballo, na que se acadou un acordo sobre a ampliación das bandas horarias establecidas no convenio estatal do sector. A empresa pretendía que se dese unha liberalización total das bandas horarias en función de “as necesidades do servizo” e para todos os traballadores. No acordo asinado ampliáse o turno de tarde ata as 03:00 horas e sempre que os traballadores acepten ese cambio voluntariamente. A responsable de RR.LL. comprometeuse verbalmente e ante o xefe provincial de Inspección de Traballo a facer contratos estables de inmediato no centro de traballo de A Coruña e a ter unha nova reunión na segunda quincena de setembro para avaliar a efectividade dos acordos.

Acadar este acordo supuxo un grande esforzo para esta parte sindical, tendo en conta as presións ás que fomos sometidos tanto por parte da empresa –recordemos as ameazas co traslado de carga de traballo a Cáceres, de onde é natural Encarnación Mora, directora de RR.LL.- como dunha minoría de traballadores que solicitaron mediante unha recollida de sinaturas a dimisión de todos os membros do Comité de Empresa e a convocatoria de novas eleccións sindicais. Entre os asinantes figuran todos os delegados do sindicato UGT menos un, polo que estamos á espera de que formalicen oficialmente a súa dimisión, non só por este motivo, senon pola súa actitude nas reunións previas a este acordo, nas que foron convidados de pedra, e onde nunca deron o seu posicionamento formal, fomentando a crispación entre os traballadores. Por parte de CGT, CIG e CC.OO., e á marxe da consecución do acordo, non nos plantexamos en ningún momento a posibilidade da dimisión. A firmeza na nosa postura negociadora e o lexítimo desempeño das nosas funcións como representantes dos traballadores permitíronnos acadar moito máis do que a empresa estaba disposta a dar e, por suposto, moito máis do acadado polo anterior comité de empresa no que UGT era o sindicato maioritario.

A Coruña, 2 de Agosto de 2004